

ENSAIO

A guerra do Cambedo

Relato da represión luso-española da guerrilla galega

Título: O Cambedo da Raia, 1946.
Autor: VV.AA.
Editor: Asociación de Amigos da República de Ourense.

Editado pola Asociación de Amigos da República de Ourense con motivo da recente conmemoración do Día da República, foi presentado un libro titulado *O Cambedo da Raia 1946. Solidariedade galego-portuguesa silenciada*, no que se describen detalladamente os acontecementos, ocultos durante tanto tempo, que se viviron na posguerra española, nesta aldea do concello portugués de Chaves, limítrofe con terras ourensás, que serviu de refuxio, primeiro, para republicanos perseguidos polo réxime franquista, e despois, chegou a darlles asilo a guerrilleiros antifranquistas, até que o lugar foi cercado e arrasado nunha encarnizada operación coordinada entre axentes franquistas e salazaristas.

Cortón insiste en cualificar de xenocidio a dura represión que acabou coa vida de milleiros de persoas e provocou a aparición dos primeiros fuxidos.

Comeza o libro con breve poema de X.C. Carneiro "Eu digo non", para darlles paso a estudos como o de Luís Martínez-Risco Daviña "Repensando no Cambedo", que analiza a situación destacando a solidariedade manifestada polos lugares da raia, a cooperación dos réximes fascistas de Franco e Salazar, que levou a que multitude de republicanos españois fosen asasinados no momento de seren entregados polas autoridades lusas. Destacar a crítica dirixida a aquela historiografía que lles dá excesivo valor ás fontes documentais fronte ás orais, pois á hora de estudar este episodio os refuxiados serían



O guerrilleiro galego Demetrio Garcia fotografado en 1946, logo de ser preso en Cambedo, e a súa saída da prisión en 1945. Sufriu carcere en Porto, Lisboa, Angola e no sinistoso campo de concentración do Torralba, en Cabo Verde. Despois de 19 anos preso, traballou como exhibidor en Bordeaux. Morreu en Francia en 1990.

an considerados como delinquentes e non como activistas que pretendían contribuír á recuperación da democracia.

O segundo estudo é da autoría de Dionísio Pereira González: "O alzamento fascista na bisbarra das Frixeiras". Centra especialmente o seu traballo na resistencia dos *carrilanos*, que participaban na construción da vía férrea entre Zamora e Ourense, e na feroz represión que sufriron os municipios da Gudiña, Viana, A Mezquita e A Vila-vella (violacións, saqueos, torturas, asasinatos...). Inclúe cadros detallados, por localidades, das persoas encarceradas, expedientadas e asasinadas.

Continúa a obra co artigo de David Cortón "Cambedo 1946. Notas para situar a traxedia" no que incide nas terribíes consecuencias do golpe de estado de 1936 e o silencio mantido durante cinco décadas sobre moitos dos acontecementos, e que aínda se palpa a día de hoxe, dificultando o labor de investigación. Insiste en cualificar de xenocidio a represión que acabou coa vida de milleiros de persoas e provo-

cou a aparición dos primeiros fuxidos e, posteriormente, a organización dunha verdadeira resistencia militar, que non contou co apoio das potencias occidentais, en moitos casos cómplices da ditadura (especialmente Gran Bretaña e os Estados Unidos). Inclúe un apéndice documental da guerrilla antifranquista que resulta de grande interese.

O seguinte traballo, de Domingos da Costa Gomes, leva por título "A guerrilla española. Acontecementos en Negreiros e Cambedo", e narra os sucesos, algúns tal como o mesmo recorda telos presenciado, con moitos detalles e anécdotas curiosas, e outros por sérenlle relatados por testemuñas presenciais.

Antonio Loja Neves e José Alves Pereira coa achega titulada "O silencio" contan as circunstancias da súa decisión de rodar un documental sobre os feitos e o primeiro encontro coas xentes do Cambedo na homenaxe que se lles tributou no 50º aniversario dos sucesos. Os autores destacan o tormento que tiveron que pasar os habitantes de Cambedo debido ao silencio forzoso durante tanto

tempo, e manifestan a súa vontade de colaborar na homenaxe con algunhas imaxes. Rematan reproducindo as palabras, a modo de entrevista, dalgúns dos protagonistas do episodio.

José Dias Baptista en "A Guerra Civil española e os barroses" detense no relato de interesantes crónicas e accións de coñecidos guerrilleiros da zona do Barroso, algúns deles vítimas dos sucesos do Cambedo. É de destacar a narración do asalto por parte da guerrilla á casa de Antonio de Sousa en Negreiros, que lle deu refuxio a un médico galego moi rico e que despois entregou, logo de roubarlle os cartos, para que fose fusilado. O mal chamado asalto que se produciu e que o autor prefire cualificar como "acción punitiva" (pois non houbo roubo a pesar de que na casa había moito diñeiro) rematou coa morte do propietario da casa e dun criado. O traballo relata a Batalla de Cambedo, onde, como acontece en Chaves, Vinhais e outras localidades portuguesas, estaban refuxiados algúns fuxidos galegos, e detense especialmente nas accións dun enxerioso crego de Vila do Ponte, o padre Baptista, para a protección dos republicanos galegos.

Remata a obra con traballo de Paula Godinho titulado "Maquisards" ou "atracadores"? A propósito das revisións da Historia no caso de Cambedo da Raia, 1946" que parte da premisa de que a historia, especialmente a que se forxou durante a chamada transición, ocultou, e mesmo tentou borrar, os feitos no tocante á resistencia antifranquista, nunha confiscación da memoria colectiva por parte do pensamento hexemónico do poder, do bando gañador, tema que enlaza co último apartado do seu traballo, titulado "Memorias, silencias, amnésias". De aí que decida levar a cabo un exhaustivo estudo de anos sobre a chamada Guerra do Cambedo, no que bota

man tanto de fontes orais como da prensa da época así como dos arquivos da PIDE/UGS, os distritais, parroquiais, locais, de Salazar, da Guarda Fiscal do Porto... A historiadora manifesta que a censura portuguesa adulterou os feitos, presentando o *maquis* como un grupo de bandoleiros. Analiza o golpe fascista de Franco e as súas consecuencias, deténdose especialmente na represión dos que apoiaban a legalidade republicana (fusilamentos, paseos, cárcere...) e a fuxida como único recurso para moitos. Despois a persecución, a busca de refuxio, no caso dos que vivían no sur galego case sempre en Portugal. Logo ven a conversión de fuxitivos en guerrilleiros, que calará na fundación da Federación de Guerrillas de Galiza-León en 1942, as esvaídas esperanzas de que o final da II Gran Guerra acabará coa ditadura, e ao fin en 1946, cando o franquismo ve que a vitoria aliada non lle supón ningún perigo, o incremento da represión. Entre Galiza e Portugal actuaban dous grupos de guerrilleiros, ambos formados por un bo número de portugueses. En vista da popularidade da que gozaban, o poder comeza a organizar unha táctica de contra-guerrilla que, imitando os membros das partidas antifranquistas, tanto na vestimenta como na fala, atacaban os labregos para darlle mala reputación á guerrilla e neutralizar o apoio popular co que contaba. É de destacar o interesante relato da vida dalgúns destes guerrilleiros mortos ou detidos no Cambedo.

Cómpre subliñar, ademais do interese e rigor dos traballos, un elegante e moi cooidado deseño gráfico a cargo de José M. Gonçalves Ribeiro, tanto da portada como da maquetación.

A obra, que está a ser presentada, unha boa acollida en distintas cidades galegas e portuguesas, vén ser unha nova mostra da laboriosa actividade da asociación que a promove, coa que todos os que amamos a historia auténtica, sen adulterar, e gostamos dos traballos feitos a conciencia, vimos de contraer unha inestimábel débeda. ♦

MARCOS SEIXO